



ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE RETIRADA, TRANSPORTE E CUSTODIA DE INSTALACIÓNS, ELEMENTOS E XÉNEROS RELATIVOS AO EXERCICIO DE CALQUERA ACTIVIDADE OU COMERCIO NA VÍA PÚBLICA SEN LICENZA MUNICIPAL E OUTROS PRESTADOS POR CAUSAS EXCEPCIONAIS.

Artigo 1.- Natureza e fundamento.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e os artigos 20 e 56 da Lei 39/88, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da citada Lei 39/88, do 28 de decembro, acórdase a imposición e ordenación da taxa pola prestación dos servizos de retirada, transporte e custodia de instalacións, elementos e xéneros relativos ao exercicio de calquera actividade ou comercio na vía pública sen licenza municipal e outros prestados por causas excepcionais.

Artigo 2.- Feito imponible.

Constitúe o feito imponible da presente taxa a prestación pola Administración local dos seguintes servizos:

- a) Retirada, transporte e custodia de instalacións, elementos e xéneros relativo ao exercicio de calquera actividade ou comercio na vía pública, ou en dominio público municipal, sen licenza en concordancia co disposto no “Regulamento municipal regulador da venda ambulante no Concello de Redondela”.
- b) Servizos similares os anteriores ordeados por resolución do Alcalde, Comisión de Goberno ou Concello Pleno por causa de forza maior, orde pública, ruína seguridade de persoas e bens e outros.

Artigo 3.- Suxeitos pasivos.

Serán suxeitos pasivos desta taxa os vendedores e responsabeis por calquera título dos elementos, instalacións e xéneros obxecto da retirada e custodia

Serán responsabeis solidarios das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei xeral tributaria; sendo responsabeis subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores e liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei xeral tributaria.



Artigo 4.- Nacemento da obriga tributaria.

A obriga de contribuir por esta taxa nace no momento en que os funcionarios municipais se fagan cargo das instalacións, elementos e xéneros para o seu transporte a un depósito municipal e posterior custodia.

Artigo 5.- Beneficios fiscais.

Estarán exentos do pagamento da taxa regulada nesta ordenanza determinados servizos comprendidos no apartado B) do artigo 2º desta ordenanza cando a resolución do órgano competente que ordene a súa realización así o dispoña:

Artigo 6.- Cota.

1. Nas prestacións dos servizos sinalados no apartado A) do artigo 2º desta ordenanza aplicaranse as seguintes cotas:

1.1. Por retirada e transporte 57,33 euros.

1.2. Por custodia. Cada día completo ou fracción, 3,59 euros.

2. Nas prestacións de servizos sinalados no apartado B) do artigo 2º desta ordenanza aplicaranse as seguintes cotas:

2.1. Por retirada e transporte:

Por cada metro cúbico: 57,33 euros.

2.2. Por custodia:

Cada día completo ou fracción, e por cada metro cúbico: 3,59 euros.

Artigo 7.- Ingreso.

1.- O ingreso da taxa regulada nesta ordenanza realizarase polo procedemento de autoliquidación en impreso regulamentario que facilitará a Policía local sendo indispensable o pagamento para a retirada dos elementos custodiados.

2.- Os funcionarios responsabeis deste servizo verificarán, antes da entrega dos bens custodiados, a corrección da autoliquidación practicada, en particular o número de días naturais de duración da custodia.

Artigo 8.- Infraccións e sancións tributarias.

1.- En materia de infraccións tributarias e as súas distintas calificacións, así como respecto das sancións que procedan, estarase ao disposto na Lei xeral tributaria e restante normativa de aplicación.

2.- As sancións por infracción tributaria a que se refire o apartado anterior serán compatíbeis e independentes das que procedan de conformidade co "Regulamento municipal regulador da venda ambulante no Concello de Redondela".



CONCELLO DE REDONDELA

Disposicións finais:

1ª.- No non previsto nesta ordenanza será de aplicación a Lei xeral tributaria e restante normativa de aplicación.

2ª.- Esta ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín oficial da provincia de Pontevedra, e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro do ano 2006, permanecendo en vigor até a súa modificación ou derogación expresa.

Publicacións Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra:

- BOP número 146, do 01.08.2000
- BOP número 241, do 15.12.2003
- BOP número 247, do 27.12.2005